# I- Comentarios.

En xeral , en moitos dos contidos permitiráse que os usuarios rexistrados expresen a súa opinión a cerca dos contidos que se publican na web.
A continuación explicaremos como engadir os comentarios e as particularidades destes.

Lembrar que bueuINforma non é responsable dos comentarios enviados polos seus usarios.
Non serán tolerados comentarios de carácter violento, xenófobo, etc..., estes tipos de comentario serán eliminados e o usuario pode ser dado de baixa se tales comentarios son considerados "graves".

Cando unha páxina contén o seguinte enlace na parte inferior, quererá dicir que os comentarios están permitidos.




Premendo no enlace, accederase á páxina de creación de comentario.




Hai varios campos.
Asunto, que indica o "título" do noso comentario. En caso de deixarse en branco, o título do noso comentario serán as primeira palabras do seguinte campo.

Comentario é o campo onde expresaremos a nosa opinión.

Tras escribir o que se considere oportuno, premeráse no botón “vista previa do comentario”, que nos amosará “como vai quedar” o noso comentario.




Se o que se amosa se axusta ao que esperábamos, e queremos publicalo, premeremos en Enviar comentario. En caso contrario poderemos modificar o que consideremos oportuno antes de darlle ao botón. (podemos repetir o proceso de vista previa cantas veces necesitemos antes de enviar o comentario).




Unha vez enviado os comentarios amosanse debaixo do contido onde foron engadidos. Podemos volver a editar os nosos comentarios premendo no botón editar (que so aparecen nos nosos comentarios).

Se presionamos no botón responder, o efecto e o de comentar un comentario.
Polo tanto, se queremos comentar un artículo en concreto da web, premeremos na opción engadir comentario que hai debaixo dese artículo. Sen embargo, se o que queremos é respostar a un comentario (p.ex. para amosar o noso acordo ou desacordo) premeremos no enlace “respostar” de devandito comentario. En todos os casos o proceso de creación da nosa resposta/comentario é o mesmo.

(Os administradores tamén terán unha opción extra que permite eliminar comentarios que non se axustan aos parámetros da web).

# II.- Foros

Hai dúas accións que podemos levar a cabo nos foros. A primeira é a de comentar os temas existentes do foro. O proceso é o mesmo que o explicado no apartado I.

A outra opción é crear un tema novo no foro.
Cando estamos na sección do foro aparece o seguinte enlace encima do listado de foros.

- Enviar un tema novo ao foro.

**Foro Público BueuInforma**

- Enviar un tema novo ao foro.

| Foro | Temas | Envíos | Último envío |
|---|---|---|---|
| Acción I: "In Situ"<br>Este foro está dedicado a temas relacionados coa Acción I. | 1 | 1 | 4 semanas 2 días ago por lalo |
| Accion II: Metodoloxías<br>Temas relacionados coa Accion II (Metodoloxías de asemblea, autodiagnose de necesidades e propostas de accións colectivas. | 0 | 0 | n/d |
| Accion III: Divulgación<br>Temas relacionados coa Accion III (Divulgación da cultura mariñeira a escolares do Concello de Bueu) | 0 | 0 | n/d |
| Contido Xenérico<br>Se o contido do tema proposto non se engloba en ningún dos foros anteriores, este é o lugar onde debes colocar o teu tema. Se respetuoso cos temas introducidos ou serán eliminados. | 0 | 0 | n/d |

Para crear o novo tema premeremos nel. O cal nos levará á seguinte pantalla.




No campo Asunto poremos o título que lle queiramos dar ao novo tema.

No campo foros, escolleremos o que máis se axuste ao noso tema. (Se os editores de bueuINforma non o consideran axeitado, poderán movelo a outra sección ou eliminalo).




No campo corpo introducirase o contido do novo tema.

Unha vez completados todos os pasos, premeráse no botón enviar para que o novo tema sexa publicado. A partires de entón os usuarios poderán empezar a comentalo segundo o seu interese.


Acción I: "In Situ"

- Enviar un tema novo ao foro.

| | Tema | Respostas | Creado | Última resposta |
|---|---|---|---|---|
| | In situ | 0 | 4 semanas 2 días ago po | n/d |

*Ilustración 1: Exemplo de tema creado.*

# III.- Blogs

Nos blogs, ao igual que nos foros e outras seccións poderemos introducir comentarios coma se explica na sección I.

Os usuarios rexistrados poderán ademais xestionar o seu propio blog. Vexamos como facelo.

Para acceder ao blog persoal premeráse na opción "O meu blogue" do menú da esquerda.

- Publicar unha entrada nova no blog.

Na parte superior aparecenos este enlace, que nos permitirá crear novo contido no noso blog.
Se facemos clic nel, accederemos a outra pantalla cos seguintes campos.




Vemos un campo asunto e un campo corpo. Que levarán o título do artículo do bloque e o seu contido respectivamente.

Como extra ao que coñecemos, aparece un novo campo que nos permite seleccionar unha imaxe do noso ordeador persoal para engadila no contido do noso artigo. A resolución da imaxe está limitada a 640x480 polo que se se intenta subir unha imaxe maior pode obterse unha mensaxe de erro.
O portal de bueuinforma tratará de axustar o tamaño da imaxe se esta excede o tamaño, pero isto non sempre é posible por incompatibilidades de formato ou carga no servidor que non permite realizar a operación. Se sucede isto, debes cambiar o tamaño da imaxe antes de subila.

Una vez feito isto, a imaxe será amosada no blog.

Vexamos un exemplo dun artigo dun blog.

# Sobre a pesca artesanal e o marisqueo en Galicia

Enviado por agarazo en Dom, 21/10/2007 - 12:30.

En elaboración

**Imaxe:**



**Your vote:**

No votes yet

agarazo's blogue | Engadir novo comentario.

Cando o artigo do blogue que estamos a ver pertence ao noso blog, aparecerán mais opcións na parte superior do artigo.




Se prememos en editar, poderemos modificar o contido do noso artigo nunha pantalla coas mesmas opcións que a usada para dar de alta o artigo.